



PONTEVEDRA

O ESTUDANTE

Os primeiros anos estivo escolarizado en Tui, pero o bacharelato vaina cursar por libre no instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Pontevedra, nesta vila, vive co seu tío e padriño Xerardo. Falamos do ano 1926 e

Álvarez Blázquez contaba daquela once anos de idade. Alí coñece a Alexandre Bóveda que casa coa súa curmá Amalia en 1930.

(...vivía no casal do meu tío, i-a vida entón non tiña para min desacougos nin mágoas, na súa sinxeleza...)



Durante esta etapa pontevedresa estará en contacto continuo con Bóveda. Forma parte das *Mocidades Galeguistas* e as súas primeiras actividades públicas de carácter político foron alentadas polo curmán. Nunha ocasión animouno a que escribise o artigo "*Outro aldraxe*" protestando pola case nula presenza



dos autores galegos nunha escolma de poesía peninsular nun folleto do Ministerio de Instrucción Pública dirixido ás escolas. Doutra vez propúxolle a realización dun acto por parte das Mocidades en memoria dos mártires de Carral, acto para o que el escribiu unha arenga. Ambas actividades foron publicadas en 1934.



Apróba a reválida universitaria do bacharelato de Letras no 1931 e a finais dese mesmo ano matricúlase na "Escuela Normal de Magisterio Primario" da cidade rematando estes estudos no ano 1934 obtendo o quinto posto da "lista de mérito para su colocación provisional". Ese mesmo ano, comeza as prácticas na Escola Graduada de Tui.

En 1932 funda, xunto con Xoán Vidal Martínez e Antonio Díaz Herrera a revista literaria *Cristal*, da que sacaron 10 números, o derradeiro en maio-xuño de 1933. Nela chegaron a colaborar 55 escritores, tanto galegos (Manuel Antonio, Castelao, Losada Diéguez, Blanco Torres, Bouza Brey...) como non galegos (García Lorca, Machado e Juan Ramón Jiménez).

No ano 1936, matricúlase de varias materias como alumno libre na Universidade Compostelá, pero esta nova andaina académica non consegue levala a cabo a causa dos amargos acontecementos deses anos e a ter que se desprazar dende a provincia de Zamora lugar onde foi destinado como mestre.

"(...) Por ser eu familiar de Bóveda e ter vivido na casa dos pais da súa dona, Amalia Álvarez Gallego, curmá miña, desde setembro de 1931 a xullo de 1934, compartín de preto unha boa parte daquelas vidas entrañábeis (...). Fun, polo tanto, testemuña de moitas cousas, grandes e cativas, tristesiras ou ledas nos anos cruciais da vida íntima e da actividade política de Bóveda. (...) Fun amigo de Bóveda, máis que curmán, porque unha mútua simpatía nos ligou. (...) "

Álvarez Blázquez, Xosé María (1992).
Alexandre Bóveda, apunte biográfico. Ir Indo, Vigo.